



A Coruña, 13 de novembro de 2020

Prezada alcaldesa:

Quero compartir contigo a miña preocupación, e a de toda a Marea Atlántica, polo deterioro ao que se está a ver sometida a imaxe do noso Concello nos últimos días. Nunca é bo que se diriman nas institucións públicas os conflitos internos dunha organización política, pero neste momento, en plena crise sanitaria, social e económica, é especialmente inoportuno. A cidadanía está asustada. A pandemia está a levar por diante moitas vidas e moitas economías familiares. A veciñanza necesita gobernos fortes nos que confiar. Gobernos centrados no importante, sensibles e capaces de responder ás necesidades con acerto e axilidade.

Este verán, a pesar das diferenzas e do crecente deterioro da convivencia democrática en María Pita, fixemos un enorme esforzo para impulsar un plan de rescate social e reactivación económica da cidade. Non só votamos a favor desa batería de medidas, coñecidas despois como Presco, senón que contribuímos con máis de cen propostas á súa elaboración. Resulta moi frustrante comprobar agora, meses despois, que a xestión dese plan é tan deficiente. Que temos que facer cando a veciñanza vén petar na porta da Marea Atlántica para preguntarnos por que a realidade non se compadece co prometido ou por que hai máis de 3.700 axudas directas sen pagar?

Como sabes, a nosa man está tendida para abordar o máis urxente: defender A Coruña e a súa área metropolitana diante duns Orzamentos Xerais do Estado que non están á altura, elaborar unhas contas para 2021 que miren aos ollos a crise e desbloquear as medidas de rescate social para que cheguen canto antes a quen teñen que chegar. Para comenzar por isto último, ante o atraso evidente das axudas a pemes e persoas autónomas, propónchoche que se modifiquen as bases para que se poida pagar por adiantado até o 98% do importe, tal e como permite a ordenanza marco de subvencións. E que este adianto se faga de oficio, sen obrigar as persoas e empresas que están a pasar un apuro a enfrentarse a unha carreira de obstáculos burocráticos.

Recibe un cordial saúdo,

María García Gómez

Voceira do Grupo Municipal da Marea Atlántica